



**CONTIDO E AMBITO DE APLICACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS  
PARA O INCREMENTO DA BIOSEGURIDADE FRONTE Á  
INFLUENZA AVIARIA  
NO MARCO DA ORDE APA 571/2006**

Ademais do reforzamento de todas as medidas de bioseguridade que xa de xeito habitual se realizan en tódalas explotacións avícolas comerciais galegas (protección de xanelas das naves avícolas contra a entrada de paxaros, protección dos ocos existentes con mallas paxareiras, medidas de limpeza e desinfección profunda de cada nave durante o baleirado sanitario periódico das explotacións, medios de desinfección na entrada da nave, roupa de uso exclusivo, control e desinfección dos vehículos, etc...) as novas medidas adoptadas polas autoridades de sanidade animal de Galiza, van contribuir a incrementar a bioseguridade no conxunto do sector produtor, pois afectan tamén ás explotacións definidas como "Non Comerciais".

As novas medidas foron adoptadas de acordo cos criterios consensuados no marco do Comité de Alerta Sanitaria Veterinaria, celebrado en Madrid o día 23 de febreiro de 2006 e, en consecuencia, quedan enmarcadas na Orde Ministerial publicada o 3 de marzo de 2006. As medidas serán aplicadas tanto mediante as prohibicións establecidas xenericamente para todo o estado, como aquelas que só serán de aplicación nas zonas declaradas como de Risco. Para as Zonas de Especial Vixilancia e para a xeneralidade do territorio recórrase ás recomendacións e información sobre prácticas de bioseguridade na cría .

Procurouse así, que afectando directamente ao menor número de produtores e concellos posible, asegurásemos un notable incremento na protección e bioseguridade das nosas producións, fronte ao risco de circulación ou contaxio entre as aves de curral de Virus Influenza procedente das aves silvestres, que puideran chegar durante a migración de primavera procedentes de zonas nas que existen focos declarados.

As medidas teñen a consideración de temporais e se prevé que queden sen efecto o día 1 de xuño de 2006. En todo caso, se o pertinente Análise Dinámico do Risco o recomendase, poderían verse modificadas.

**1.- Prohibicións xenericas para todo o Estado:**

- Utilización de paxaros (Anseriformes e Charadriiformes), como reclamo para a caza.



- As concentracións aviares de calquera caste e a solta de pombas. Pode ser excepciónado, previa avaliación do risco de resultado favorable.

## **2.- Prohibicións aplicábeis nos concellos afectados por unha zona declarada como Zona de Risco:**

*Concellos incluídos: O Grove, Sanxenxo, Meaño, Ribadumia, Cambados, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa (provincia de Pontevedra)*

- Prohíbese a cría de parrulos e gansos coas demais especies de aves de curral.
- Prohíbese a cría de aves ao ar libre:

Isto quere dicir que todos os propietarios de aves deben recluír os animais en instalacións pechadas a cuberto.

Se o produtor non tivese instalacións onde poder protexer as aves durante os meses nos que se mantén a prohibición, poderáselle autorizar a que as manteña ao ar libre, sempre que cubra o curral con rede paxareira, e asegure cando menos que subministra ás aves o alimento e a bebida dentro dunha instalación pechada, ou suficientemente protexida, de xeito que impida o acceso das aves silvestres á auga ou aos alimentos.

- Prohíbese darlle ás aves de curral auga procedente de leitos superficiais fontes ou outras orixes á que puideran ter accedido aves silvestres.
- Os depósitos existentes nas granxas deberán ser protexidos impedindo que poidan acceder á augas as aves silvestres.

### **2.1.- Medidas en Parques e Zoolóxicos:**

A definición de Zoolóxico permite interpretar que os Parques Públicos que mantivesen aves poderían quedar incluídos dentro destas medidas que só se aplican para aqueles que estivesen incluídos en Zona de Risco.

- Deberán recluír todas as aves que poidan ser recluídas (podería valorarse a cobertura con malta como método posible sempre que o alimento e a bebida estivesen a recaudo das aves silvestres). Se non fose posible a reclusión débese formular un plan vacinal que debe ser autorizado e supervisado polos SSVVOO e seguindo o protocolo de vacinación que elabore o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.



### 3.- Medidas comúns a aplicar en zonas declaradas de Risco ou de Especial Vixianza

*Concellos incluídos: Porto do Són Ribeira, Cariño e Ortigueira (Provincia de A Coruña), Poio, Meis e Vilagarcía de Arousa, Moaña, Marín, Pontevedra, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui (Provincia de Pontevedra), Vilar de Santos, Sandiás, Xinzo de Limia, Porquería, Rairiz de Veiga (Provincia de Ourense), Ribadeo, Trabada (Provincia de Lugo)*

- Incremento dos controis:

As explotacións incluídas en zonas declaradas de Risco ou de Especial Vixianza serán sometidas a maior nº de controis e toma de mostras para determinación de virus influenza.

- Censado de Explotacións:

Ademais da necesaria actualización permanente do Rexistro Xeral de Explotacións (RD479/2004) para todo o territorio, nos Concellos afectados por declaración de Zona de Risco ou de Zona de Especial Vixianza, a autoridade competente xestionará un Rexistro Administrativo no que se incluírán datos das Explotacións Non Comerciais:

Identificación do propietario  
Enderezo da Explotación (coordenadas?)  
Nº habitual de aves criadas e especie/s  
Sistema de Cria : Pechado, Aberto, Mixto

### 4.- Recomendacións de bioseguridade para os produtores incluídos en Zonas de Especial Vixianza

- Recomendacións de Bioseguridade:

Evitar criar os parrulos e os gansos xunto con outras especies de aves de curral.

Protexer os comedeiros e bebedeiros evitando que accedan a eles as aves silvestres.

Evitar darlle de beber ás aves de curral augas ás que puideran ter accedido aves silvestres.

Protexer os depósitos de auga, impedindo que poidan acceder a ela as aves silvestres.



## 5.- Recomendacións para todo o territorio

En xera, tódolos produtores de aves de curral procurarán evitar que as aves entren en contacto directo con aves silvestres e especialmente con aves acuáticas e dentro delas coas anátidas.

Recoméndase desbotar a práctica de soltar ás aves de curral nos terreos máis próximos á beira das charcas encoros ou pequenos humedais onde haxa presenza de aves silvestres migratorias especialmente se trata de anátidas.

Os produtores e traballadores de granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola non comercial evitarán realizar visitas a unha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade, especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres migratorias.

---